

# **A FUNCIÓN DOCENTE NA FUNCIÓN PÚBLICA**

**MANUEL TORRES VIZCAYA**

**INSPECTOR XEFE  
SERVIZO TERRITORIAL DE INSPECCIÓN EDUCATIVA  
PONTEVEDRA**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

# XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

## **1.- A FUNCIÓN DOCENTE NA FUNCIÓN PÚBLICA**

1. O docente como funcionario público
2. Dereitos e deberes
3. A xerarquía administrativa
4. Competencias e autonomía

## **2.- O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO: FUNDAMENTOS**

1. Procedemento administrativo común: definición e normativa
2. Conceptos básicos
3. Dereitos e deberes das persoas nas relacións coa Administración
4. Cómputo de prazos
5. Obriga de resolver, prazos de resolución e silencio administrativo
6. Fases do procedemento administrativo e recursos Administrativos
7. Normativa autonómica sobre o procedemento administrativo

## **3.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE AOS CENTROS DOCENTES**



1. O ordenamento xurídico
2. Normas xurídicas e xerarquía normativa
3. Funcionamento administrativo: marco normativo
4. Os órganos colexiados: réxime xurídico

#### **4.- DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS: TIPOLOXÍA E CARACTERÍSTICAS**

- 1.- Tipoloxía e características
- 2.- Linguaxe administrativa axeitada
- 3.-O rexistro dos centros
- 4.- Documentos habituais (actas, informes, resolucións)

#### **5.- PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO NOS CENTROS DOCENTES: PRAGMÁTICA**

1. Reclamacións
2. Denuncias
3. Difusións documentación pedagóxica
4. Procedemento corrector
5. Protocolos
6. Admisión
7. Supresión postos
- 8.- Orde verbal *versus* orde escrita




REGRAS BÁSICAS

AD EXTRA

AD INTRA

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.




# A FUNCIÓN PÚBLICA

Conxunto de relacións laborais entre a CA (Estado) e os seus servidores, cuxas funcións estarán desenvolvidas pola Constitución, unha Lei ou un regulamento


- **ÁMBITO DE APLICACIÓN**
- **CLASES DE FUNCIONARIOS**
- **ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA**
- **INCOMPATIBILIDADES**
- **LICENCIAS, VACACIÓNS E PERMISOS**
- **PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**
- **RÉXIME DISCIPLINARIO**
- **SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS**
- **XORNADA E HORARIO LABORAL**

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/normativa-xeral>

# CONDICIÓN DE FUNCIONARIO PÚBLICO DO PROFESORADO



# NORMATIVA APLICABLE AOS EMPREGADOS PÚBLICOS DA XUNTA DE GALICIA



# LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

## **docentes = funcionarios**

Exposición de motivos (2)

Trasladando ao ámbito autonómico o espírito do Estatuto básico do empregado público, establécese **un marco común** para o emprego público de todas as administracións públicas.

Ese marco común, porén, **non implica un réxime absolutamente uniforme** para todas as administracións públicas mencionadas nin para todos os tipos de empregados públicos que prestan servizos nelas. Neste senso, os primeiros artigos da lei gradúan o seu alcance en relación co persoal investigador, o persoal docente e ...

*Artigo 6. Persoal docente e persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde*

1. Esta lei é **aplicable ao persoal docente** dependente da Administración xeral da C. A. de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, **agás no relativo ás seguintes materias:**

- a) Carreira profesional e promoción interna.
- b) Retribucións complementarias.
- c) Mobilidade voluntaria entre administracións públicas.

2. Nas materias enunciadas pola alínea anterior ... réxense pola súa normativa específica, a cal regulará tamén as demais especialidades do seu réxime xurídico.

# LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

## Artigo 71. Dereitos individuais

- a) Á **inamabilidade** na condición de persoal funcionario de carreira.
- b) Ao desempeño efectivo das funcións **ou tarefas propias da súa condición profesional** e de acordo coa progresión acadada na súa carreira profesional.
- c) Á **progresión** na carreira profesional e á promoción interna.
- d) Á **movilidade profesional** nos termos previstos por esta lei.
- e) Ás **vacacións, descansos, permisos e licenzas**.
- f) A percibir as **retribucións e as indemnizacións** por razón do servizo.
- g) Ás **prestacións da SS** correspondentes ao réxime que lles sexa aplicable.
- h) A participar **na consecución dos obxectivos atribuídos** á unidade onde presten os seus servizos e a ser informados polos seus superiores das tarefas que deben desenvolver.
- i) Á **defensa xurídica**
- j) Á **formación continua e á actualización** permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.
- k) Ao respecto da súa intimidade, orientación sexual, propia imaxe e dignidade no traballo, especialmente fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, moral e laboral.
- l) Á non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo ou orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- m) Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- n) Á **liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico**.
- ñ) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- o) Á xubilación segundo os termos e as condicións establecidas nas normas aplicables.
- p) Á **libre asociación profesional**.
- q) Ao acceso ao seu expediente persoal nos termos que regulamentariamente se determinen.
- r) Aos demais dereitos recoñecidos polo ordenamento xurídico.

## **LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público

### *Artigo 74. Deberes e código de conduta*

- a) **Respectar a Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico.**
- b) **Basear a súa conduta no respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.**
- c) **Perseguir coa súa actuación a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns, polo cal a dita actuación se fundamentará en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e ao interese común.**

## LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público

### Artigo 74. *Deberes e código de conduta*

d) Exercer as súas atribucións segundo o principio de **dedicación ao servizo público**, absténdose non só de condutas contrarias a este, senón tamén de calquera outra que **comprometa a neutralidade** no exercicio dos servizos públicos.


h) Axustar a súa actuación aos **principios de lealdade e boa fe** coa Administración pública na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns

l) **Obedecer as instrucións e ordes profesionais dos superiores**, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico.

q) Poñer en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as **propostas que consideren axeitadas para mellorar** o desenvolvemento das funcións da unidade en que estean destinados.

# PERSOAL DOCENTE

Rexerese pola lexislación específica ditada polo Estado e polas CCAA e polo previsto no EBEP





## DEBERES

### EDUCATIVO

LOE\_LOMCE. Art. 91: funcións do profesorado

Lei 4/2011, de convivencia (DOG 15/07/2011)

art. 8.2: deberes do profesorado

- O docente é un funcionario público e como tal ten que cumprir coas obrigas legalmente encomendadas.
- Agás polo tipo de traballo, ser docente non representa ningún plus especial en relación ás obrigas dos funcionarios públicos.
- Certas normas sectoriais específicas (v.g., permisos e licenzas) non supoñen un estatuto diferente.

# PRINCIPIO DE XERARQUÍA ADMINISTRATIVA

CE: art. 103.1: A Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ao dereito. (art. 3.1 da **Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público**).

## CONSECUENCIAS

- § Convalidación de vicios polo superior xerárquico (subsanción dos defectos dos que adoece un acto anulable)
- § **Non permite aos órganos inferiores incumprir as ordes dos órganos superiores xerárquicos**
- § **Non permite ao inferior atacar as resolucións do superior nin lle é dado acudir á vía Contencioso-Administrativa para impugnar o acto do superior**

## FACULTADES ÓRGANO SUPERIOR

- § Dirixir e inspeccionar a súa actividade mediante ordes e instrucións, plans ou programas
- § Avaliar os resultados dos obxectivos que teñan encomendados
- § Resolver conflitos de atribucións entre os mesmos
- § Reclamar para si o coñecemento de asuntos que ordinariamente lles estean atribuídos (avocación)
- § Resolver, cando proceda, os recursos interpostos contra os actos dos seus inferiores,

# DOCENTE (centro) COMO FUNAMBULISTA

Autonomía ↔ Normativa

Representatividade ↔ Legalidade

Profesorado ↔ Comunidade educativa


Docentes ↔ Inspección educativa

Compañeiros ↔ Alumnos

# O QUE **NON** É UN CENTRO EDUCATIVO

o trillado *mantra* : “é que a administración....”

- Reino de taifas: estrutura ou órgano independente e illado
- Órgano/voceiro de decisións (pseudo)políticas ou sindicais
- Escaparate para outras intencións tanxenciais ás educativas
- Centro para o desenvolvemento do *divismo* docente



# COMPETENCIAS

## 1.- DIRECTOR: art. 132 LOMCE + ROCs

### 1. De representación

a) Ostentar a representación do centro, **representar a Administración Educativa** nel e **facerlle chegar** a esta as formulacións, **aspiracións e necesidades da comunidade educativa**.

### 2. De dirección e coordinación

b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro de profesorado e ao Consello Escolar .

c) Exercer a dirección pedagóxica.

e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.

i) **Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro** do profesorado do centro e **executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias**.

### 3. De liderado

c) (...) promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do Proxecto Educativo do centro.

### 4. De control

d) **Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes**.

# COMPETENCIAS

## 2.- CLAUSTRO: art. 129

- a) **Formular** ao equipo directivo e ao consello escolar **propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.**
- k) **Calquera outra** que lle sexa atribuída pola **Administración educativa** ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

## 3.- CONSELLO ESCOLAR: art. 127

- i) Emitir informe sobre **as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais,** coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) **Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro,** a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- k) Elaborar **propostas e informes,** por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o **funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión,** así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.
- l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.

# ÓRGANOS COLEXIADOS

O Presidente é o encargado de dar cumprimento e facer cumprir os extremos que constitúen a esencia de devanditos acordos, en base ás obrigas e deberes do cargo que ostenta, comprobando previamente a **conformidade do adoptado coa legalidade vixente** respecto diso.

## Nulidade dos acordos

- Dentro do ámbito da nulidade dos acordos adoptados, a Lei 39/2015 establece para os actos «art. 47 b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.»

- Aplicado este imperativo ao CE e ao Claustro, ambos órganos colexiados soamente poderán tomar acordos en base ás **funcións e competencias que lles confiren as disposicións vixentes** respecto diso, atribucións que actualmente están fixadas nos respectivos Regulamentos Orgánicos dos centros e disposicións que os desenvolven, ditados conforme ao establecido na LODE e na LOE.

A Lei 39/2015 establece que serán nulos de pleno dereito os actos prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados (Art. 47e)

**-DEBER DO PRESIDENTE: COÑECER A NORMATIVA DOS ÓRGANOS E A SÚA COMPETENCIA**

# REVERSO DAS COMPETENCIAS E AUTONOMÍA

## OS CENTROS SON


- ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (ART. 2 Lei 39/2015)
- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA → PRINCIPIO DE LEGALIDADE (ART. 9.3 CE)
- NEUTRALIDADE IDEOLÓXICA (CE, art. 103, 9 e 14)
- POTESTADE LIMITADA AO ORDENAMENTO XURÍDICO (art. 39 da Lei 39/2015 = órgano competente)

## PROBLEMAS DA AUTONOMÍA

- ENTENDER OS REQUISITOS DOCUMENTAIS COMO MERA BUROCRACIA
- CONTRADICIÓN ENTRE AUTONOMÍA E CONTROL
- OBVIAR O CARÁCTER TÉCNICO E FIXARSE SÓ NO “POLÍTICO”
- A AUTONOMÍA NON É UN CHEQUE EN BRANCO → RENDICIÓN DE CONTAS

**REVERSO DAS COMPETENCIAS E DA AUTONOMÍA: CONSECUENCIAS RÉXIME DISCIPLINARIO**

# NIVEIS DE PARTICIPACIÓN (LOE)



# NIVEIS DE PARTICIPACIÓN

- HAI CANLES SUFICIENTES: USALAS COMO CORRESPONDE
- NON DETURPAR NIN PERVERTIR O SENTIDO DA PARTICIPACIÓN
- EVITAR ESTAR A RENTES DA “DESOBEDIENCIA”, PASIVIDADE
- O CENTRO NON É UNHA CANLE DE POSICIONAMENTO “POLÍTICO”
- EVITAR INCOHERENCIAS E DEMAGOXIAS (EU “INCUMPRO” NORMAS PERO CANDO ME INTERESA ESIXO CUMPRIMENTO ESTRITO) A *LEI DO FUNIL*
- CULTIVAR O RESPECTO INSTITUCIONAL
  - ESCRITO “PROTESTA” NON INSTITUCIONAIS
  - ESCRITO “PROTESTA” INSTITUCIONAIS: RESPONSABLE O PRESIDENTE DO ÓRGANO/DIRECTOR. PODEN SUPOÑER RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS

# Actitude crítica e responsable



**Cara a unha deontoloxía da función directiva**

**<http://www.edu.xunta.gal/eduga/1529/foro/cara-unha-deontoloxia-da-funcion-directiva>**

Número: 75 / xaneiro - xuño 2018

**MOITAS GRAZAS**